



MEMORIA ORIENTATIVA DAS TARIFAS E PREZOS A PAGAR POLOS USUARIOS QUE DISPOÑAN DUNHA AUTORIZACIÓN DE ATRAQUE PARA EMBARCACIÓNS MENORES NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE PALMEIRA.

Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tarifa X-5: Embarcacións deportivas e de lecer

A base para a liquidación será a superficie en metros cadrados, resultante do produto da **manga pola eslora máxima, e o tempo de estadía da embarcación no porto**. Sobre a devandita base aplicarase a tarifa por metro cadrado e día de estadía.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5 para o ano 2010, por **metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción**, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,036729 €

Zona II: 0,022037 €

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,040400 €
2. Atracada de costado: 0,101002 €
3. Atracada a banquetta ou dique: 0,020201 €
4. Ancoraxe: 0,040400 €
5. Embarcacións en seco: 0,085701 €⁽⁶⁾





C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada finger en cada posto de atracada: 0,017139 €
2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008570 €
3. Toma de auga: 0,006121 €
4. Toma de enerxía eléctrica: 0,006121 €⁽⁶⁾

As contías dos conceptos A), B) e C) para as **embarcacións tradicionais** serán as anteriormente indicadas cunha **bonificación do 90%**.

O aboamento da tarifa farase:

Para **embarcacións con base no porto, por semestres adiantados**, dando lugar o devandito aboamento adiantado a unha **redución do 20 %** do importe da tarifa que lle sexa aplicable.

Ás **embarcacións con base no porto** aplicaráselles unha **redución do 25 %** da tarifa que lles resulte aplicable no período considerado como **temporada baixa**, período este que é o comprendido entre o 1 de novembro e o 30 de abril. Esta regra non lles será aplicable ás embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión.

Ás embarcacións que atraquen en peiraos ou pantaláns do ente público Portos de Galicia con **calados inferiores a dous metros e superiores a un metro** aplicaráselles unha **redución do 25 %**; cando o **calado sexa igual ou inferior a un metro**, a **redución será dun 50 %**. En ámbolos casos deben concorrer tódalas circunstancias seguintes:

- a) Que a eslora da embarcación sexa inferior a seis metros.
- b) Que a potencia do motor sexa inferior a 25 HP.
- c) Que o aboamento da tarifa se realice por semestres adiantados.

